



CADERNO ORIENTACIÓN VOCACIONAL

ITINERARIOS ACADÉMICO- PROFESIONAIS BACHARELATO 2020





CADERNO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA BACHARELATO

IES POETA DÍAZ CASTRO
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Referencias legais :

- *Lei Orgánica 8/2013, 9 de decembro, LOMCE*
- *Real Decreto 1105/2014, estable currículo básico da ESO e o Bacharelato*
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da ESO e o BACHARELATO na Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Real Decreto 412/2014, 6 xuño, establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de Grao*
- *Orde 15 xullo 2015, Orde 13 de xullo de 2016 ,Orde 3 de agosto de 2017 e Orde 7 da agosto de 2018, polas que se establecen as materias de libre configuración*
- *Resolución 20 de xullo de 2017, instrucións para o desenvolvemento do currículo no curso académico 2017/18, establecido no D. 86/2015.*
- **ORDE do 19 de abril de 2018** pola que se regulan aspectos relativos **á organización das materias do bacharelato** establecido no Decreto 86/2015
- *Acordo de Univ. SUG sobre o procedemento sobre os procedementos de admisión aos estudos univ.oficiais de Grao do SUG. Curso 2019_20*

INDICE	pág.
<u>INTRODUCCIÓN</u>	4
<u>TOMA DE DECISIONS</u>	4
<u>BACHARELATO</u>	5 -10
◆ Finalidade e estrutura.....	5
◆ Organización 2º BAC	6 - 8
◆ Avaliación e promoción. Titulación	8
◆ A que da acceso o Título de BAC	9
<u>ENSINANZAS UNIVERSITARIAS</u>	10 -18
◆ Estrutura dos estudos universitarios	11
◆ Organización Plan de Estudos	12
◆ Vinculación Titulos de Grao coas ramas do coñecemento.....	13 -14
◆ Acceso e admisión na Universidade. ABAU.....	15 -18
<u>FORMACIÓN PROFESIONAL ESPECÍFICA</u>	19 -21
<u>ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES</u>	22-23
<u>ENSINANZAS DEPORTIVAS</u>	24
<u>Direccións web de interese</u>	25
<u>Cuestionarios e portafolios vocacionais online</u>	26

INTRODUCCIÓN

É importante que agora que rematas este curso penses no que queres facer no futuro.

Este caderno contén información académico-profesional importante para os estudantes de bacharelato; atoparás unha descrición básica das distintas alternativas que terás para cursar 2º BAC e tamén opcións ao rematar esta etapa educativa.

Como xa sabes, sempre se producen cambios na lexislación educativa que poden modificar, matizar ou complementar aspectos que comentamos neste caderno. Loxicamente, non podemos profundizar en tódalas posibilidades e casuísticas individuais, así que, se precisases orientación máis persoalizada, fai a túa consulta co Departamento de Orientación.



TOMA DE DECISIONS

No teu proceso de orientación vocacional, é importante que teñas en conta as seguintes fases:

1ª FASE: COÑECETE A TÍ MESMO

- ◆ Coñece as túas aptitudes, habilidades e capacidades, afeccións, rasgos de personalidade, intereses profesionais e valores.
- ◆ Reflexiona sobre a túa motivación e fórmulate preguntas como si queres realizar estudos máis longos (Graos e Master) ou quizais, máis curtos e prácticos (FP)
- ◆ Investiga sobre ti mesmo/a, autoanalízate e fai unha listaxe coas túas características persoais e puntos fortes.

2ª FASE: INFÓRMATE

- ◆ Investiga todas as opcións; comeza polos estudos que están máis relacionados coa túa formación previa e coas túas características (analizadas no paso anterior)
- ◆ Fai unha lista cos estudos que máis te poden intersar, e posteriormente analiza o seu plan de estudos e saídas profesionais.
- ◆ Localiza eses estudos, busca os centros onde se poden cursar.

3ª FASE: DECIDE

- ◆ Pon en orde de prioridade os estudos da lista que elaboraches anteriormente. Elabora unha taboa: estudos que me interesan, ventaxas e desventaxas
- ◆ Reflexiona sobre os factores que van influir na túa decisión (posibilidades económicas, vías de acceso, estereotipos de xénero, presión familiar/amistades,...)
- ◆ E por último, selecciona aquelas ensinanzas ou estudos nos que atopaches máis ventaxas e ordenaos por orde de prioridade, ese será o teu **obxectivo vocacional** .

O BACHARELATO

FINALIDADE.-


Proporcionarche unha formación ampla, madureza intelectual e humana, coñecementos e habilidades, que che permitan desenvolver funcións sociais e incorporarte á vida activa. Así mesmo, capacitarte para acceder á educación superior.

COMO ESTÁ ORGANIZADO.-

Como ben sabes, o BAC comprende dous cursos académicos: 1º e 2º e tres modalidades diferentes, que están pensadas para atender tanto á diversidade de estudos posteriores como á variedade de intereses, capacidades e aptitudes de cada quen.

As tres MODALIDADES son:

CIENCIAS




HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS



ARTES

- Artes Plásticas
- Artes escénicas





**Dentro da modalidade de Humanidades e CC. Sociais poderás optar polo itinerario de Humanidades ou polo itinerario de Ciencias Sociais.*

Estas ensinanzas estrutúranse en materias, que se organizan en:

- MATERIAS TRONCAIS XERAIS
- MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN
- MATERIAS ESPECÍFICAS

Na seguinte páxina está reflexado o **plan xeral de estudos das modalidades que se imparten no IES Poeta Díaz Castro**, bóttalle unha ollada!

2º BACHARELATO _ IES POETA DÍAZ CASTRO

CIENCIAS		HUMANIDADES e CC. SOCIAIS	
LINGUA CASTELA E LITERATURA II HISTORÍA DE ESPAÑA 1ª LINGUA ESTRANXEIRA: INGLÉS II LINGUA GALEGA E LITERATURA II			
MATEMÁTICAS II <i>Elixir 2 entre:</i> <ul style="list-style-type: none"> - Bioloxía - Física - Química - Debuxo Técnico II - Xeoloxía 	LATÍN II HISTORIA DE FILOSOFÍA <i>Elixir 1 entre:</i> <ul style="list-style-type: none"> - Economía da empresa - Xeografía - Grego II - Historia da Arte 	MATE aplicadas as CC. SOCIAIS II HISTORIA DE FILOSOFÍA <i>Elixir 1 entre:</i> <ul style="list-style-type: none"> - Economía da empresa - Xeografía - Grego II - Historia da Arte 	
Cursaránse 3 materias, que deben sumar 8 horas , collendo un máximo de 1 en cada columna			
1 hora	3 horas	4 horas	
<ul style="list-style-type: none"> - Relixión - Vida saudable e deporte 	<ul style="list-style-type: none"> - Hª da Música e da Danza - 2ª lingua estranxeira : Frances II / Portugues II - TIC II - Tec. de Expresión Gráfico-Plástica - Tecnoloxía Industrial II 	<ul style="list-style-type: none"> - Historia da Filosofía (só para a opción de Ciencias) - Unha Troncal non elixida: _____ 	

¡Fíxate ben! as materias co símbolo II implican continuidade, o que implica que a superación da materia de segundo curso está condicionada á superación da materia correspondente en 1º curso

INFORMACIÓN sobre as MATERIAS DE ESTUDO EN 2º CURSO

Nos seguintes cadros recóllese información dos contidos de aprendizaxe das diferentes materias de 2º curso de Bacharelato:

TODALAS MODALIDADES DE BACHARELATO	LINGUA E LITERATURA CASTELÁ II LINGUA E LITERATURA GALEGA II LINGUA ESTRANXEIRA II	Estas 3 materias teñen como finalidade consolidar e ampliar as competencias lingüísticas adquiridas
MATERIAS EXAME EN ABAU	HISTORIA DE ESPAÑA > Comezos da nosa historia, desde os primeiros humanos á monarquía visigoda, a Idade Media, desde a conquista musulmá da Península, a Idade Moderna, ata as vésperas da Revolución Francesa, e a Idade Contemporánea. Contidos da materia: a Península Ibérica na Prehistoria, Idade Media e Idade Moderna, crise do antigo réxime, o réxime da restauración, a II República, a Guerra Civil, España durante o franquismo, a España democrática, entre outros.	

MATERIAS da MODALIDADE DE CIENCIAS	MATEMÁTICAS II Álgebra lineal, Xeometría , Análise, Estatística e probabilidade, correspondense cos bloques de contido. Matrices, determinantes, sistemas de ecuacións lineais, vectores, xeometría, curvas e superficies, límites de funcións, derivadas, aplicación das derivadas, e integrais, aplicación da combinatoria ao cálculo de probabilidades,....
	QUÍMICA .- E unha ferramenta para comprender a natureza das ciencias en xeral. Contidos da materia: orixe e evolución dos compoñentes do universo (modelo atómico, enlace químico), reaccións químicas, síntese orgánica e novos materiais , importancia da química do carbono.
	XEOLOXÍA Nesta materia estudarás todo o relativo á Terra como sistema, a historia da Terra, o rexistro xeolóxico, composición dos materiais (minerais e rochas) riscos xeolóxicos,xeoloxía de España (trazos características básicos, principais recursos,etc) e xeoloxía de campo (lectura de mapas xeolóxicos,tecnicas de representación, puntos de interese xeolóxico en Galicia)
	FISICA .- Comprender os principais conceptos da física e as súas interaccións coa tecnoloxía e a sociedade, valorando a súa influencia sobre o medio ambiente e a vida das persoas. Contidos a estudar: magnitudes e unidades, teoría da gravitación universal, campo gravitatorio, campo eléctrico, campo magnético, inducción electromagnética, movemento vibratorio, movemento ondulatorio, o sonido, natureza e propagación da luz, bases da física cuantica,etc.
	BIOLOXÍA Comprender conceptos de bioloxía celular e acadar unha formación científica básica para seguir estudos superiores Contidos a estudar: a base físico-química da vida (os bioelementos, os glúcidos, os lípidos, os protidos, os biocatalizadores, os ácidos nucleicos, as vitaminas) , a estrutura celular, fisioloxía celular, xenética molecular, microbioloxía e inmunoloxía.
DEBUXO TÉCNICO II Profundización nos seguintes bloques de contido: xeometría e debuxo técnico , sistemas de representación, documentación gráfica de proxectos (esbozos, bosquexos e planos)	

MATERIAS MODALIDADE DE CC.SOCIAIS E HUMANIDADES	MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS II A materia estrutúrase en torno da 4 bloques de contido: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas,Números e alxebra (matrices, inecuacións...), Análise (funcións polinómicas,...) e Estatística e probabilidade.
	ECONOMÍA DA EMPRESA Esta materia ten como obxectivo explicar a realidade empresarial, a análise das distintas áreas e funcións da empresa. Contidos: a empresa (elementos, funcións e obxectivos), desenvolvemento da empresa, organización e dirección da empresa" (planificación, organización e xestión de recursos),a función productiva, a función comercial, a función financeira, a información na empresa.
	XEOGRAFÍA España no mundo, diversidade física e humana de Europa, o relevo, o clima, as paisaxes, as actividades agrarias, a industria e o sector terciario, a poboación española e o proceso histórico de ordenación territorial, son algún dos contidos.
	LATÍN II A lingua latina - orixe, léxico, gramática, morfoloxía e sintaxe -, tradución e interpretación de textos latinoas, e a literatura latina.
	GREGO II A lingua grega (léxico, morfoloxía, sintaxe, interpretación de textos), Grecia e o seu legado (historia, filosofía, literatura, relixión e mitoloxía, arte).
	HISTORIA DA ARTE: Análise e valoración da arte : a linguaxe arquitectónica; a arte románica, gótica, islámica,o renacemento, o barroco, ... ata a arquitectura contemporánea.
	HISTORIA DA FILOSOFÍA Esta materia permitirache reflexionar sobre as túas ideas, crenzas e conviccións e as do mundo que hai arredor, de xeito crítico e razoado. Practicarás o análise de textos e a argumentación mediante o análise das catro épocas máis relevantes da historia no relativo ao pensamento (Grecia Antiga, Idade Media, Modernidade e a Ilustración e a filosofía da Idade Contemporánea) a través dos autores máis salientables.

A materia Historia da Filosofía seguirá a impartirse en 2º de bacharelato como troncal de opción, e todo o alumnado da modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais a cursará de forma obrigatoria . O alumnado das modalidades de Ciencias e de Artes pode cursar a materia de Hiª da Filosofía no 2ºcurso **como materia específica** (Orde 19 de abril 2018, DOG,25 abril).



MATERIAS ESPECÍFICAS PARA TODAS AS MODALIDADES	HISTORIA DA MÚSICA E DA DANZA Comprensión, análise e valoración das creacións emanifestacións artísticas ligadas á música e a danza.
	FRANCÉS II OU PORTUGUÉS II Ampliar as competencias lingüísticas na lingua francesa ou portuguesa.
	TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN II Esta materia caracterízase pola realización de actividades que desenvolvan as destrezas técnicas para acceder ás redes de información e a procura e análise de información en internet. Ampliarás a túa formación en canto a programación, publicación e difusión de contidos (web 2.0), e seguridade.
	TECNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA Coñecemento e aplicación dos recursos, as técnicas e os métodos e aplicacións que empregaron e utilizan os artistas ao longo da historia. Basicamente, trata de profundizar no coñecemento das técnicas gráfico-plásticas nos campos do debuxo, a pintura e o gravado, así como noutras técnicas máis recentes, e desenvolver as capacidades creativas e do espírito crítico dentro do mundo da plástica.
	TECNOLOXÍA INDUSTRIAL II Esta materia integra coñecementos de carácter matemático e científico. Abraque os seguintes bloques de contido: materiais e procedementos de fabricación, principios das máquinas (funcionamento), máquinas e sistemas (elementos constitutivos), recursos enerxéticos e os seu impacto medioambiental, automatización das máquinas, e os circuitos e sistemas tecnolóxicos asociados.

AVALIACIÓN E PROMOCIÓN no BACHARELATO.-

- Poderase permanecer escolarizado no bacharelato (no réxime ordinario) durante catro cursos académicos.
- Promocionarán de 1º a 2º curso os alumnos que teñan superado todas as materias o si se obtén avaliación negativa nun máximo de dúas materias.
- Para o alumnado que no teña superado todas as materias na avaliación final ordinaria, realizaranse probas extraordinarias.
- O alumno/a que promocióne con materias pendentes, deberá matricularse en 2º das materias pendentes de 1º curso
- Para pasar dunha modalidade determinada en 1ºBAC a outra modalidade distinta en 2º curso, será preciso que cursar determinadas materias (será necesario comprobar cada caso en particular)
- O alumno/a que ao termo de 2º curso tivese avaliación negativa nalgunhas materias poderá matricularse delas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, ou ben optar por repetir o curso completo.

TITULACIÓN.-



Será necesario avaliación positiva en todas as materias dos dos cursos de Bacharelato

A cualificación final da etapa será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das materias cursadas no BAC, expresadas nunha escala de 0 a 10 con dous decimais.

No título de Bacharelato constará a modalidade cursada, así como a cualificación final do BAC.

A QUE DA ACCESO O TÍTULO DE BACHARELATO?

O título de Bacharelato é a **plataforma dende a que podes acceder ó maior número de saídas profesionais**

ENSINANZAS UNIVERSITARIAS *(superada a ABAU)*

ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES

Estudios Superiores de Música e Danza *(máis proba específica)*
Ensinanzas de Arte Dramático *(máis proba específica)*
Ensinanzas de Conservación e Restauración de bens culturais *(máis proba específica)*.
Estudios Superiores de Artes Plásticas e Deseño *(máis proba específica)*

FORMACIÓN PROFESIONAL DE GRAO SUPERIOR en determinadas Familias Profesionais *(as relacionadas coa modalidade de Bacharelato elixida)*


ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO DE GRAO SUPERIOR *(máis proba de acceso)*

ENSINANZAS DEPORTIVAS DE GRAO SUPERIOR *(co título de Técnico, máis proba específica para determinadas especialidades)*

Outros estudos como: Piloto Civil, Estudos Militares Superiores,...



ENSINANZAS UNIVERSITARIAS



Estrutura dos Estudos Universitarios:

1º GRAO

As ensinanzas de Grao teñen como finalidade a preparación do estudante para o exercicio de actividades de carácter profesional.

Duración: **4 anos** (con algunhas excepcións : Farmacia, Veterinaria, Odontoloxía, Arquitectura e Medicina)

Obtense o título de Grao en

"Grado en..... pola Universidade de por ex: Grado en Dereito pola Universidade da Coruña"

Tamén poderás cursar un **Dobre Grao**, dúas titulacións simultaneamente, duración: 5 ou 6 ANOS. Por ex: Física e Matemáticas, Bioloxía e Química, CC. Empresariais e Turismo, Dereito e ADE, Inglés e Español,..

2º POSGRAO

- **MASTER** > Para o estudantes que desexen continuar estudos para adquirir unha preparación profesional avanzada, as universidades imparten as **ensinanzas de Master**, cunha duración de entre 60 e 120 créditos, é dicir, entre 1 ou 2 anos.

" Master Universitario en pola Universidade de"

- **DOUTORAMENTO** > trala superación dun grao e un master, acadarás unha formación avanzada en técnicas de investigación. Obtense o *título de Doutor*

RAMAS DE COÑECEMENTO

TODOS OS ESTUDOS AGRÚPANSE EN 5 RAMAS DE COÑECEMENTO, son os grandes campos do saber, que engloban un conxunto de materias que son a esencia de cada rama:

MODALIDADE DE BACHARELATO	RAMAS DE COÑECEMENTO UNIVERSIDADE
CIENCIAS	CIENCIAS DA SAÚDE CIENCIAS ENXEÑERÍA E ARQUITECTURA
HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS ARTES E HUMANIDADES
ARTES - Artes plásticas, imaxe e deseño - Artes escénicas, música e danza	ARTES E HUMANIDADES

Organización do Plan de Estudos nas Ensinanzas Universitarias.-

- Os plans de estudos terán aproximadamente entre **240 créditos** de formación teórico-práctica, que corresponden a 4 cursos. Algúns Graos poden ter máis créditos: Medicina (360), Arquitectura (330), Farmacia (300), Odontoloxía (300), Veterinaria (300)
- Créditos ECTS**, o crédito europeo, que **equivale** a unha dedicación do estudante entre **25-30 horas**. Esta unidade de medida permite valorar e incluír as horas correspondentes ás clases teóricas ou prácticas, as horas de estudo, as adicadas a seminarios, traballos, proxectos, e tamén as esixidas para a preparación e realización de exames e probas de avaliación.

1 crédito ECTS (EUROPEAN CREDIT TRANSFER SYSTEM): 25-30 h de traballo

- Ó longo dos **plans de estudo** haberá **materias de estudo** (anuais ou cuatrimestrais):




BÁSICAS, compartidas por todas as titulacións pertencentes a unha mesma rama de coñecemento

OBRIGATORIAS, que deberás facer según a titulación e a universidade onde estudes. Definen a formación fundamental do Grao (teñen o 50/60% de peso no currículo da titulación)

OPTATIVAS que teñen relación coa titulación que estás cursando e que elixes libremente segundo as túas preferencias.

E o **Proxecto final de carreira**, que é un traballo que se realiza ó final da titulación e que se converte nun requisito imprescindible para conseguir o título de Grao. Está orientado á avaliación das competencias do título.



VINCULACIÓN DOS TÍTULOS DE GRAO COAS RAMAS DE COÑECEMENTO



Nos cadros seguintes poderás ollar o **vínculo entre as ensinanzas universitarias e as diferentes ramas de coñecemento**. É unha recopilación representativa de toda España, que debes revisar na web da Universidade á que queres acceder, porque dependendo da Universidade, un mesmo título pode estar adscrito a unha rama ou outro.

En letra **cursiva e negrilla aparecen os títulos universitarios que se imparten no SUG**.

ARTES E HUMANIDADES

Belas Artes
Filosofía
Historia
Historia da Arte
Xeografía e Historia
Humanidades
Tradución e Interpretación
Filoloxía Clásica; Vasca, Hispánica, Románica
Estudos de Galego e Español.
Lingua e literatura Española, Galega, Inglesa, Modernas; Catalanas, Hispánicas.
Linguas estranxeiras
Lingua e Literaturas Modernas
Galego e Portugués: estudos lingüísticos e literarios
Xestión dixital de Información e Documentación
Ciencias da linguaxe e Estudos Literarios
Ciencias da Cultura e difusión cultural
Antropoloxía Social e Cultural (UNED)

Español, Lingua e Literatura
 Estudos cataláns e occitanios
 Estudos hispánicos, lingua e literatura
 Estudos clásicos
 Estudos de Asia Oriental
 Estudos de Asia e África-Árabe,
 Chino e Xaponés.
 Estudos árabes e islámicos
 Estudos árabes e hebreos
 Estudos literarios
 Estudos ingleses
 Estudos alemáns
 Estudos Franceses
 Estudos italianos
 Estudos semíticos e islámicos
 Ciencias e linguas da antigüidade
 Linguas modernas
 Linguas Aplicadas
 Lingüística
 Cine e medios audiovisuais
 Xeografía, Ordenación do territorio e Xestión do Medio Ambiente
 Arqueoloxía
 Historia do Patrimonio artístico
 Historia de Ciencias da Música
 Deseño
 Deseño e Moda
 Cine e Medios Audiovisuais

Titulacións no CSH de Galicia
DIPLOMA Superior en Xestión Hoteleira
DIPLOMA de Gastronomía e Xestión de Cociña

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

Empresa e Tecnoloxía (* NOVO)
Economía
Admnistración e Dirección de Empresas
Ciencias Empresariais
Ciencia Política e da Administración
Dirección e Xestión Pública
Dereito
Criminoloxía
Socioloxía
Traballo social
Relacións Laborais e Recursos Humanos.
Pedagogía
Educación Social
Educación Infantil
Educación Primaria
Turismo
Ciencias da Actv Física e do Deporte*
(proba específica de acceso)
Xornalismo
Comunicación Audiovisual.
Creación Dixital, Animación e Videoxogos
Publicidade e Relacións Públicas
Xeografía e ordenación do Territorio
Xestión Industrial da Moda (bilingüe)

GRAO ABERTO en CC. Sociais e Xurídicas - NOVIDADE)
Turismo, ADE, Empresariais, Dereito, Socioloxía e Comunicación Audiovisual)

Relacións Laborais e Emprego
 Relacións Internacionais
 Ciencias Políticas e Xestión Pública
 Ciencias do Traballo
 Turismo e Xestión do ocio
 Administración de organizacións e recursos turísticos
 Estatística
 Dirección de Empresas tecnolóxicas
 Medios audiovisuais
 Comercialización e lóxística
 Xestión turística e Hostaleira

ARTES PLÁSTICAS E ESCÉNICAS

Música
Arte Dramático
Conservación e Restauración

Deseño Gráfico
Deseño de Moda
Deseño de Produto
Deseño de Interiores

ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA

Arquitectura Técnica
Estudios de Arquitectura
Ciencia e Enxeñaría de Datos
Enx. Aeroespacial
Enx. Agraria
Enx. Agrícola e Agroalimentaria
Enx. Biomédica
Enx. Civil
Enx. da Enerxía
Enx. de Obras Públicas
Enx. de procesos químicos industriais
Enx. de tecnoloxías da comunicación
Enx. recursos mineiros e enerxéticos
Enx. Eléctrica
Enx. Electrónica Industrial e Automática
Enx. Deseño Industrial e Automática
Enx. Deseño Industrial e Desenvolv. do produto
Enx. en Organización Industrial
Enx. en Organización Industrial
Enx. en Tecnoloxías Industriais
Enx. Forestal
Enx. Forestal e do Medio Natural
Enx. Informática
Enx. Mecánica
Enx. Naval e Oceánica
Náutica e Transporte Marítimo
Enx. Química
Paisaxe
Robótica
Tecnoloxía da Enx. Civil
Tecnoloxías Mariñas
(*NOVIDADE) GRAOS ABERTOS EN ENXEÑARÍA : Enx. Agrícola e Agroalimentaria, Enx. Civil, Enx. Forestal, Enx. Procesos Químicos, Robótica

Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque
 Enxeñaría de Materiais
 Enxeñaría de Sistemas de Información
 Enxeñaría de Sistemas Audiovisuais
 Enxeñaría de Son e Imaxe
 Tecnoloxía da Enxeñaría Civil
 Enxeñaría de Computadores
 Deseño Industrial
 Enxeñaría de Tecnoloxías Industriais
 Enxeñaría Telemática
 Enxeñaría Mecatrónica
 Enxeñaría en Arquitectura Naval
 Informática de Servizos Matemáticas
 Enxeñaría Matemática
 Fotografía e Creación Dixital
 Xeografía, Ordenación do Territorio e xestión.
 Enxeñaría Electrónica de Telecomunicación

CIENCIAS

Bioloxía
Biotecnoloxía
Bioquímica (* NOVO)
Ciencias do Mar
Ciencias Ambientais
Física
Matemáticas
Química
Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos
Nanociencia e Nanotecnoloxía (* NOVO)
 Bioquímica e Biomedicina
 Xeoloxía
 Bioquímica e Bioloxía molecular
 Enoloxía
 Microbioloxía
 Ciencias da Alimentación
 Bioloxía Ambiental
 Ciencias Biomédicas

CIENCIAS DA SAÚDE

Enfermería
Fisioterapia.
Logopedia
Nutrición Humana e Dietética
Óptica e Optometría
Podoloxía
Terapia Ocupacional
Farmacía
Medicina
Odontoloxía
Veterinaria
Psicoloxía
 Bioloxía Sanitaria

DOBRE GRAOS - Oferta en Galicia

ADE-Dereito
ADE-Informática
CC. Empresariais – Turismo
Empresariais - Arquitectura
Inglés-Español
Inglés-Galego-Portugués
Español-Galego-Portugués
Turismo-Xeografía e Historia
Mestre Ed. Infantil- Ed. Primaria
Comunicación Audiovisual-Xornalismo
Dereito- Relacións Laborais e RRHH
Enx. Agrícola-Agroali-Enx. Forestal
Farmacía- Óptica e optometría
Enx. Informática-Matemáticas
Matemáticas-Física
Química-Bioloxía
Enx. Mecánica-Naval e Oceánica



COMO ACCEDER Á UNIVERSIDADE

Acordo de Univ. SUG , curso 2019_20

Para acceder aos estudos universitarios de Grao desde o bacharelato terase en conta a ponderación da:

- **calificación final obtida no bacharelato, cun valor do 60%**
- **nota obtida na parte obrigatoria da ABAU (proba de acceso á universidade) , cun valor do 40%**

é importante ter claro estes termos:

ACCESO > refírese a obtención dos requisitos para o ingreso na universidade. A nota de acceso é fixa, non varía dunha universidade a outra.

Media da notas do BAC + Parte obrigatoria da ABAU

ADMISIÓN > refírese a acadar o acceso a un Grao determinado nunha universidade en particular, polo que a admisión pode ser diferente en diferentes universidades ao valorar diferente as materias das que te examinas na ABAU. Poderase obter notas de admisión diferentes en función dos graos e universidades que se soliciten.

A nota de admisión pode ser a mesma que a de acceso, ou pode ser mellorada incorporando a **nota ponderada dos exames realizados na parte voluntaria da ABAU.**



Podes consultar aquí as [ponderacións](#) para o curso 2020-21

NOTA DE CORTE > É a **nota de admisión do último solicitante** que se matriculou nun grao nunha universidade determinada . ***Esta nota é orientativa!***

Na páxina da CiUG terás actualizadas as ponderacións e notas de corte establecidas na admisión para os títulos de grao do Sistema universitario galego (SUG) .

Estas foron as notas de corte no curso 2019/20 <https://ciug.gal/PDF/notascorte20.pdf>

Para os estudantes de Bacharelato LOMCE que superen a ABAU a notas de acceso e admisión calcúlanse así:

$$\text{NOTA DE ACCESO} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CPO}$$

NMB: nota media do Bac

CPO : Cualificación da parte obrigatoria da ABAU

$$\text{NOTA DE ADMISIÓN} = 0,6 * \text{NMB} + 0,4 * \text{CPO} + a * \text{M1} + b * \text{M2}$$

NMB: nota media do Bac

CPO : Cualificación da Parte obrigatoria da ABAU

M1,M2: Cualificación dun máximo de dúas das catro materias das que se examina o alumno/a na Parte Voluntaria e /ou da materia troncal de modalidade correspondente, que proporcione mellor nota de acceso, unha vez aplicados os parámetros de ponderación.

a, b: parámetros de ponderación das materias da parte voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade que proporcionen mellor nota de acceso.

PROBA DE ACCESO Á UNIVERSIDADE - ABAU. CONVOCATORIA 2019

A proba de avaliación do Bacharelato para o acceso á Universidade estrutúrase en dúas partes denominadas respectivamente **Parte Obrigatoria e Parte Voluntaria**

PARTE OBRIGATORIA		Materias troncais xerais e de modalidade			
		Historia de España			
		Lingua Castelá e Literatura II			
		Lingua Galega e Literatura II			
		1ª lingua estranxeira : inglés, francés, italiano, portugués, alemán			
ARTES	CIENCIAS	CC SOCIAIS	HUMANIDADES		
Fundamentos da Arte	Matemáticas II	Matemáticas aplicadas as CC.SS II	Latín II		

A cualificación da **Parte Obrigatoria** será a **media aritmética de todos os exercicios**, expresada en forma numérica de 0 a 10 puntos.

Considerarase superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade cando o estudante obtivese unha nota igual ou superior a cinco (≥ 5) puntos como resultado da media ponderada do 60 por 100 da nota media do bacharelato (NMB) e o 40 por 100 da cualificación da Parte Obrigatoria (CPO), sempre que se obtivese un mínimo de 4 puntos na cualificación da Parte Obrigatoria da proba.

Acceso á universidade : $0,6 * NMB + 0,4 * CPO \geq 5$
--

A cualificación da Parte Obrigatoria terá **validez indefinida**, sempre que se teña superada a proba de avaliación de Bacharelato para o acceso á Universidade.

Na **Parte Voluntaria** da proba cada estudante poderá examinarse dun **máximo de catro materias** de entre as materias de opción do bloque das materias troncais de segundo curso de bacharelato e as materias xerais troncais específicas de modalidade distintas daquela da que se examinen na Parte Obrigatoria da proba.

A parte voluntaria "caduca" aos dous anos.

PARTE VOLUNTARIA		Materias xerais troncais específicas de modalidade			
ARTES	CIENCIAS	CC.SOCIAIS	HUMANIDADES		
Latín II	Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II	Fundamentos da Arte II		
Matemáticas II	Latín II	Latín II	Matemáticas II		
Mat.aplicadas CCSSII	Mat.aplicadas CCSSII	Matemáticas II	Mat.aplicadas CCSSII		
MATERIAS DE OPCIÓN (para todas as modalidades)					
Artes escénicas	Deseño	Historia da Arte	Xeoloxía		
Bioloxía	Economía da Empresa	Historia de Filosofía	Xeografía		
Cultura audiovisual II	Física II	Química	Debuxo Técnico II Grego II		
2º idioma* (novidade 2018)					

A nota de admisión incorporará as cualificacións das materias da Parte Voluntaria e/ou da materia troncal de modalidade da Parte Obrigatoria no caso de que as devanditas materias estean adscritas á rama de coñecemento do título ao que se queira ser admitido, de acordo cos parámetros de ponderación establecidos polas universidades .

Nota de admisión = $0,6 * NMB + 0,4 * CPO + a * M1 + b * M2$
--


Representación gráfica do cálculo da nota:

Nota media do BAC	x 0,6	Nota de acceso	} Nota de admisión
Nota media da Parte obrigatoria na ABAU	+ x 0,4		
Nota da parte voluntaria na ABAU	Materia 1	x 0,2 ou 0,1	
	Materia 2	x 0,2 ou 0,1	

PROCESO DE ADMISIÓN NA UNIVERSIDADE

Para solicitar praza nas ENSINANZAS UNIVERSITARIAS DE GRAO terás que realizar primeiramente unha solicitude de praza >> **PREINSCRIPCIÓN**


No Sistema Universitario Galego (SUG) empregarás a “aplicación nerta” para realizar dita solicitude



Nesta solicitude **poderás indicar ata 5 ensinanzas universitarias diferentes**, cun máximo de dez peticións no caso de ensinanzas universitarias autorizadas en máis dun centro.

Importante: POÑER OS ESTUDOS DESEXADOS POR ORDE DE PREFERENCIA

E unha vez que aparezas admitido, formalizar a **MATRICULA NA UNIVERSIDADE** (*ampliaremos esta información en 2º BAC*)



SISTEMA UNIVERSITARIO GALEGO (S.U.G)

3 UNIVERSIDADES PÚBLICAS

7 CAMPUS

LUGO /SANTIAGO
CORUÑA/FERROL
VIGO/PONTEVEDRA/OURENSE



[Base de datos de estudios](#)

O **DISTRITO ABERTO** ofrece a tódolos estudantes, de calquera parte do territorio nacional, a posibilidade de cursar estudos universitarios na Universidade pública que desexen, independentemente do lugar de orixe.

Deste modo, os estudantes que reunan as esixencias legais (ter superada a avaliación final de BAC ou un Ciclo FORMATIVO grao superior), poderán solicitar praza en calquera Universidade do territorio Español.

FORMACIÓN PROFESIONAL

<http://www.edu.xunta.gal/fp/ven-fp>



Na actualidade a formación profesional específica está organizada en 26 familias profesionais – grupos ou ocupacións- e integrada por un catálogo de títulos oficiais (ciclos de grao medio e de grao superior).

Actualmente a FP pódese cursar:

- ✓ por **curso completo, no réxime ordinario**, na modalidade presencial
- ✓ de **xeito parcial por módulos formativos** no réxime de persoas adultas (presencial ou a distancia), para o cal é preciso ter 18 anos.
- ✓ **Fp dual** > tamén para persoas adultas, que comprende accións formativas mixtas de emprego e formación (alternancia de actividade laboral e formación no sistema educativo)

Ímonos ocupar aquí, da Formación Profesional en réxime ordinario:

COMO ESTÁN ORGANIZADOS OS ESTUDOS DE FP?

- A **Familia Profesional** é o nome que enmarca unha actividade dun determinado **campo de traballo**. Actualmente en Galicia contamos cunhas 23 familias profesionais: *Actividades Agrarias, Actividades Físicas e Deportivas, Actividades Marítimo-Pesqueiras, Administración, Electricidade e Electrónica, Informática, Sanidade, Química, Hostalería e Turismo,...*
- Dentro de cada familia hai **Ciclos Formativos**. Os ciclos recollen un conxunto de **coñecementos e destrezas orientadas ó exercicio dunha profesión concreta**. O ciclo formativo sería “a profesión” que escollerías se tes pensado facer Formación Profesional.
Na páxina web da Consellería contas con información actualizada dos ciclos formativos que se imparten actualmente en Galicia: <http://www.edu.xunta.gal/fp/folletos-informativos-fp>
- Cada ciclo formativo comprende unha serie de **Módulos**. Son as áreas ou **materias de contido teórico-práctico** que terías que estudar (“as asignaturas”). Existen uns módulos que son comúns a todos os ciclos: FOL (Formación e Orientación Laboral), EIE (Empresa e iniciativa emprendedora), FCT (Formación en centros de traballo), e Proxecto)

QUE SAÍDAS TEÑEN OS CICLOS DE FP GRAO SUPERIOR?



ACCESO Á UNIVERSIDADE

No caso de acceder á universidade desde a FP de grao superior é posible ter recoñecemento de créditos universitarios, é dicir, ter validadas materias do título universitario.

ACCESO AO MERCADO LABORAL

Desempeño cualificado dunha actividade nun campo profesional, que pode ser executado de xeito autónomo ou por conta allea asumindo responsabilidades dentro dunha organización produtiva, como xefe de equipo, organizando, programando ou supervisando procesos produtivos

CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

Estudar un ciclo formativo de grao superior permitirache a adquisición dos coñecementos e as **capacidades propias dun traballador cualificado** nunha determinada profesión con gran formación de base, capacidade de comunicación e aptitude para o traballo en equipo.

Vexámolo cun exemplo :

FAMILIA PROFESIONAL: “**ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS**”

CICLO FORMATIVO DE GRAO SUPERIOR :

CS Ensinanza e animación sociodeportiva Duración: 2000 h

Módulos
1º+2º curso

- Actividades físicas para persoas de implementos (160 h)
- Actividades físicodeportivas individuais (186 h)
- Metodoloxía de ensino de activ. Físicodeportivas (107 h)
- Actividades físico–deportivas individuais (210 h)
- Valoración da condición física e interv. en accidentes (240 h)
- Formación e orientación laboral (107 h)
- Xogos e actividades físicas recreativas para animación turística (160 h.)
- Fundamentos biolóxicos e bases do acondicionamento físico (185 h)
- Actividades de lecer e tempo libre (156 h)
- Actividades físicodeportivas em equipo (140 h)
- Actividades físicodeportivas para inclusión social (105 h)
- Dinamización grupal (123 h)
- Empresa e iniciativa emprendedora (53 h)
- Planificación da animación sociodeportiva (53 h)
- Proxecto de ensino e animación sociodeportiva (26 h)
- Formación en centros de traballo (384 h)

Duración:
Normalmente
2 cursos
académicos

ADMISIÓN nos ciclos formativos de grao superior (réxime ordinario).-

A distribución , ao comezo do proceso de admisión, das prazas dispoñibles é a seguinte:

GRUPO A BAC ou equivalente	GRUPO B Título de Técnico	GRUPO C Proba de acceso e outros
Ata o 70%	Ata o 20%	Ata o 10%

Para a admisión do alumnado nas ensinanzas de ciclos formativos de grao superior de formación profesional específica, aplicaranse sucesivamente criterios de prioridade.

No grupo A >>

1º/ Título de BAC modalidade preferente e coas materias vinculadas (ver na terceira columna da táboa seguinte)

2º/ Título de BAC modalidade preferente , pero sen algunha das materias vinculadas

3º /Título de BAC sen modalidade preferente

4º, 5º e 6º prioridade

*Materias preferentes para o acceso a determinados ciclos de grao superior

FAMILIA PROFESIONAL	MODALIDADES DE BACHARELATO	Materias de Bacharelato*
ACTIVIDADES AGRARIAS	Ciencias e tecnoloxía	
ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS	Calquera modalidade	
ADMINISTRACIÓN e XESTIÓN	Humanidades e CC.Sociais	
ARTES GRÁFICAS	Artes Ciencias e Tecnoloxía	
ARTES E ARTESANÍAS	Artes	
COMERCIO E MARKETING	Humanidades e CC.Sociais	
EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL	Ciencias e tecnoloxía Artes	Debuxo Técnico
ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA	Ciencias e tecnoloxía	
ENERXÍA E AUGA	Ciencias e tecnoloxía	
FABRICACIÓN MECÁNICA	Ciencias e tecnoloxía	
HOSTALARÍA E TURISMO	Humanidades e CC. Sociais	
IMAXE E SON	Ciencias e tecnoloxía	
IMAXE PERSOAL	Ciencias e tecnoloxía Humanidades e CC.Sociais	
INDUSTRIAS ALIMENTARIAS	Ciencias e tecnoloxía	
INFORMÁTICA e COMUNICACIÓN	Ciencias e tecnoloxía	
INSTALACIÓN E MANTEMENTO	Ciencias e tecnoloxía	
MADEIRA, MOBLE E CORTIZA	Ciencias e tecnoloxía Artes	
MARÍTIMO-PESQUEIRAS	Ciencias e Tecnoloxía	
QUÍMICA	Ciencias e tecnoloxía	Química
SANIDADE	Ciencias e tecnoloxía	Bioloxía – CS Dietética CCTerra_CS Saúde ambiental
SEGURIDADE E AMBIENTE	Ciencias e tecnoloxía	
SERVIZOS SOCIOCULTURAIS e á COMUNIDADE	Humanidades e CC. Sociais	
TÉXTIL, CONFECCIÓN E PEL	Ciencias e tecnoloxía Artes /Humanidades e CC.Sociais	
TRANSPORTE E MANTEMENTO DE VEHÍCULOS	Ciencias e tecnoloxía	
VIDRO E CERÁMICA	Ciencias e tecnoloxía	

Titulación: TÍTULO DE TÉCNICO SUPERIOR . Con esta titulación poderás acceder ao mundo laboral ou aos Graos universitarios (coa ventaxa de ter materias validadas)

Para **acceder á Universidade desde a FP de grao superior** terase en conta :

- a nota media do ciclo
- adscrición dos títulos ás ramas de coñecemento (en caso de empate)
- calificacións obtidas nas materias concretas na parte voluntaria de ABAU (si ponderan para a titulación universitaria en cuestión)

Solicitude de praza para os CFGS : vía web >>

Cubrir unha única instancia na que se fai constar os ciclos formativos escollidos por orde de preferencia.

ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES



MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS

MÚSICA.-

O **grao superior de Música** organízase nun único grao que ten unha duración de catro cursos académicos.

As **especialidades de Grao superior son:**

Composición, Dirección, Etnomusicoloxía, Produción e Xestión, Interpretación, Musicoloxía histórica e Pedagogía Conservatorios Superiores de Música de Coruña e Vigo

O acceso a estes estudos: [Normativa](#)

Accédese ao grao superior de música mediante proba de acceso específica para cada especialidade, sendo necesarios os seguintes requisitos:

1. Estar en posesión do título de bacharel ou titulación equivalente.
2. Ter superados os estudos correspondentes ao terceiro ciclo do grao medio de música.

Non obstante, é posible acceder ao grao superior sen estar en posesión dun ou dos dous requisitos académicos devanditos, sempre que, a través dunha proba extraordinaria.

Estes titulados poden ser directores de orquestra e coro, solistas de instrumentos e orquestras, asesores musicais, compositores, correctores de partituras e directores de arranxos musicais, así como realizar crítica musical, gravacións en estudos, ademais de adicarse á docencia en centros de ensino e conservatorios

DANZA.-

O ciclo de **grao superior de Danza**, estúdase en Conservatorios de Danza e Centros Autorizados de Danza.

Comprende 1 ciclo de 4 cursos e divídese nas especialidades de

Pedagogía da Danza e Coreografía e Técnicas de Interpretación da Danza

En Galicia- Oferta conservatorios profesionais > Conservatorio profesional de Danza de Lugo (clásica e contemporánea) e tamén en Coruña (danza clásica)



Os alumnos que superan estes estudos teñen dereito ao título superior, equivalente ó título graduado universitario.

O acceso a estes estudos :

1. Estar en posesión do título de bacharelato ou titulación equivalente.
2. Ter superados os estudos correspondentes ao terceiro ciclo do grao profesional de Danza.

Non obstante, é posible acceder ao grao superior sen estar en posesión dun ou dos dous requisitos académicos devanditos, sempre que, a través dunha proba extraordinaria, o aspirante demostre posuír os coñecementos e mais as habilidades específicas necesarias para cursar con aproveitamento a súa especialidade.

ARTE DRAMÁTICA.-


As **ensinanzas superiores de Arte dramática** constitúen un ciclo único de catro cursos, cunha titulación final equivalente, á de grao universitario.

Acceso: estar en posesión do título de BAC (ou equivalente) + Proba específica de acceso

Estrutúrase nas especialidades de **Escenografía, Interpretación, Dirección escénica e dramaturxia**

ESAD de Galicia >><https://esadgalicia.com/>

Teñen como finalidade a formación de creadores profesionais das artes escénicas, de pedagogos e investigadores do feito teatral.



ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO

As ensinanzas de Artes plásticas e Deseño comprenden os estudos relacionados coas artes aplicadas, os oficios artísticos, a conservación e restauración de bens culturais e o deseño de diversas modalidades.



Ensinanzas profesionais de ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO.-

As ensinanzas de Artes aplicadas e oficios artísticos teñen unha estrutura en familias profesionais, semellante á da formación profesional. Estes ciclos constan dunha formación teórico-práctica na escola onde se imparten e dunha formación práctica en empresas, estudos ou talleres; ademais para a obtención do título superior deberase superar un proxecto final.

Estes estudos fanse en centros públicos: Escolas de Arte; ou en centros privados: Centros autorizados de Artes Plásticas e Deseño. [Oferta educativa de ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño en Galicia](#)

A CORUÑA – ESCOLA DE ARTE PABLO PICASSO	CS Dourado , prateado e policromía CS Escultura aplicada ao espectáculo CS Fotografía CS Ilustración Oferta modular CS Cerámica
SANTIAGO - ESCOLA DE ARTE MESTRE MATEO	CS Técnicas Escultóricas CS Xoiería Artística CS Fotografía CS Arquitectura Efímera Oferta modular CS Dourado, prateado e policromía
LUGO – ESCOLA DE ARTE RAMÓN FALCÓN	CS Gravado e Técnicas de Estampación CS Fotografía
OURENSE – ESCOLA DE ARTE ANTONIO FAÍDE	CS Ebanistería Artística CS Fotografía CS Ilustración

Para acceder a eles, lembra que ademais de ter aprobado o Bacharelato, terás que pasar unha [proba de acceso específica](#), agás se fas o Bacharelato de Artes. Esta proba está relacionada on debuxo, artes plásticas e coñecementos histórico-artísticos.

Ensinanzas SUPERIORES de ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO.-

Conservación e Restauración de Bens Culturais

Os estudos de conservación e restauración de bens culturais son **estudos superiores** encamiñados á formación de profesionais no mundo da restauración e da conservación. En Galicia impártense as **especialidades de pintura, escultura e bens arqueolóxicos**. Obténse o título de Graduado Universitario

Acceso: Accederán directamente os alumnos que teñan o título de técnico superior de artes plásticas e deseño e mediante unha [proba específica de acceso](#) os alumnos que teñan o título de bacharelato. Estes estudos impártense en Galicia na Escola Superior emprazada en Pontevedra. <http://www.gradoconservacionbbcc.es/>

Estudos Superiores de Deseño



Os estudos superiores de deseño están encamiñados á formación de profesionais no mundo do **Deseño nas especialidades de Moda, Interiores, Produtos e Deseño Gráfico**. Teñen unha duración de 4 anos e a titulación que se obtén ao remate destas ensinanzas é equivalente, para todos os efectos, a grao universitario. Estes estudos impártense nos seguintes centros:

- Escola de arte Mestre Mateo de Santiago de Compostela: Deseño de moda e Deseño de produtos. <http://www.easd.es/>
- Escola de arte Pablo Picasso da Coruña: Deseño de interiores e Deseño gráfico. <http://www.eapicasso.com/>
- Escola de arte Ramón Falcón de Lugo: Deseño gráfico e Deseño de interiores. <http://www.escarteramonfalcon.com/>
- Escola de arte Antonio Faílde de Ourense: Deseño gráfico e Deseño de interiores. <http://www.escolarte.com/es>

Oferta Deseño de Moda en centros privados : Liceo la Paz , FormArte e Goymar , en Coruña

O **acceso** a estes estudos :

Accederán directamente os alumnos que teñan o título de técnico superior de artes plásticas e deseño e mediante unha [proba específica](#) de acceso os alumnos que teñan o título de bacharelato.



ENSINANZAS DEPORTIVAS

Teñen como finalidade a formación de adestradores , monitores e técnicos deportivos nunha modalidade ou especialidade deportiva

Que títulos se obteñen? Existen títulos tanto de **Técnico como de Técnico Superior** nas seguinte especialidades: Fútbol, Fútbol sala, Deportes de inverno (esquí alpino, esquí de fondo e snowboard), deportes de montaña e escalada, Atletismo, Balomán, Vela, Hípica, Mergullo, Judo , Salvamento

Organizanse en graos:

- **Grao medio (Nivel II):** co que se obtén o título de técnico deportivo nunha especialidade deportiva e comprende dous niveis (1º e 2º nivel)

- **Grao superior (nivel III) :** co que se obtén o título de técnico superior deportivo nunha especialidade deportiva. Ten unha duración máxima de 1100 horas . Capacita para dirixir e coordinar técnicos deportivos, planificar e dirixir o adestramento de deportistas e equipos de alta competición, xestionar escolas deportivas. O título de técnico superior da acceso a Estudos universitarios

Acceso >>

Título de BAC ou equivalente, ou certificado acreditativos de ter superadas todas as materia de BAC + o título de grao medio (Técnico deportivo) .

Para algunhas especialidades tamén é preciso [acreditar méritos deportivos](#).

E para os que non teñen o título de BAC, poden acceder se superan unha proba de madurez e teñen 18 anos . Esta proba pode ser convalidade pola proba de acceso a GS.

Postos de traballo > pódese adicar ao adestramento a equipos, deportistas, dirixir actividades no campo da saúde e do turismo deportivo.

Oferta destas ensinanzas en centros públicos de Galicia:

IES Universidade Laboral (Culleredo)	Fútbol
IES Sanchez Cantón (Pontevedra)	Fútbol e Balomán
CIFP A Farixa (Ourense)	Fútbol sala
IES Nosa Señora dos Ollos Grandes (Lugo)	Atletismo
IES Río Cabe (Monforte de Lemos)	Fútbol
IES Fermín Bouza Brey (Vilagarcía)	Baloncesto Vela con aparello fixo e aparello libre
IES As Barxas (Pontevedra)	Atletismo
Escola Galega do Deporte – Centro de Tecnificación Deportiva (Pontevedra)	

Tamén podes especializarte en Hípica, Salvamento e Socorrismo, Mergullo Deportivo con Escafandro autónomo, judo e defensa persoal, vela, piragüismo... en centros privados autorizados pola Consellería de Educación.

DIRECCIONS DE INTERESE:

BACHARELATO

[Organización BAC](#). Ministerio de Educación
[Currículum Materias de Bacharelato](#) - Galicia

FORMACIÓN PROFESIONAL

[Que, como e onde estudar FP en España](#). Ministerio de Educación

[Descubre a FP](#) Porque estudar FP (vídeos)

[Test para escoller ciclos formativos](#)

<http://www.edu.xunta.es/fp> Oferta de ciclos formativos en Galicia

UNIVERSIDADE

[COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA \(CIUG\)](#)

[Que quero estudar ?](#) Buscador da Voz de Galicia

[QEDU – Que estudar e donde na Universidade](#) . Ministerio de Educación.

[UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA](#)

[UNIVERSIDADE DA CORUÑA](#)

[UNIVERSIDADE DE VIGO](#)

ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL e ADULTOS

[Información sobre as ensinanzas deportivas, idiomas, artísticas e tamén Educación de Adultos.](#)

BECAS E AXUDAS AO ESTUDO

[Becas e axudas para estudar](#)

[Dudas Becas MEC](#)

CUESTIONARIOS E PORTAFOLIOS VOCACIONAIS ONLINE

Si queres explorar as túas aptitudes, habilidades e intereses podes empregar algun destes recursos online de libre acceso:

- <http://www.educaweb.com/orientacion/intereses-profesionales/>
Este cuestionario analiza os teus gustos, valores, características persoais, ... Nos resultados, podes ver o campo profesional máis axustado e os posible itinerarios formativos. A primeira vez tes que acceder como usuario rexistrado.
- [Cuestionario de Intereses profesionales](#)
Cuestionario IBERCAJA de intereses profesionais. Unha vez realizado o cuestionario, xerase un dossier informativo cos teus resultados.
- [NORA](#) – Para atopar o teu camiño na FP
- [FPBIDE - Test para elixir estudo de FP](#)
- [PROXECTO ORIÓN](#)
Cuestionario que valora intereses, aptitudes e historial académico e persoal; ofrece un informe final sobre os principais estudos que poden interesarche. Acceso como " invitado"
- [Wikigrado](#) , para buscar o grao universitario que se adapta máis a ti.
- [Elige carrera.](#)

Podes realizar unha ou varias probas.

Lembra gardar e imprimir os resultados.

Podes comentalos co Departamento de Orientación: orientaguitiriz@gmail.com

Para máis información :

IES "POETA DIAZ CASTRO"
DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
[Blog de Orientación Vocacional](#)